



CONCURSO PARA A CREACIÓN DO CARTAZ OFICIAL DAS VII XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA

A Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) convoca un concurso para o deseño do cartaz anunciador das VII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia.

Con este concurso pretendese involucrar ao alumnado galego de tecnoloxía nas actividades que se realizan dende a Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) así como fomentar o traballo nas aulas dos contidos de deseño gráfico e manexo das TIC que corresponden á área de Tecnoloxía.

BASES

- **Destinatarios:** Alumnado dos centros de Ensino Secundario e Bacharelato de Galicia que estean a cursar a asignatura de Tecnoloxía. Cada participante só poderá presentar un único traballo.
- **Tema:** O deseño do cartaz debe servir para anunciar a celebración das VII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia. Deberá incluír os seguintes textos:
VII Xornadas de Tecnoloxía de Galicia
20 e 21 de abril de 2007
IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa)
APETEGA
- **Formato:** o cartaz poderase realizar en calquera formato gráfico dixital, valorando especialmente os que se presenten en formatos libre.
- **Presentación de traballos:** Os traballos deberán ser enviados como arquivo adxunto á dirección xornadas@apetega.org polo profesor de Tecnoloxía do centro do alumno ou alumna participante. No correo indicárase o nome e curso do autor.
- O **prazo de presentación** de traballos remata ás 14:00h do día 12 de xaneiro de 2007.
- **Premio:** Outorgarase un único premio ao cartaz gañador do concurso consistente en material electrónico/informático valorado en 150.-€. O traballo gañador quedará en poder de APETEGA que poderá facer de el o uso que considere oportuno (publicar, expoñer,...).
- **Xurado:** O xurado estará composto por profesorado de tecnoloxía. O xurado poderá declarar deserto o premio se ao seu xuízo ningún traballo reúne os requisitos axeitados. O fallo do xurado será inapelable. O fallo farase público a primeira quincena de febreiro de 2007 a través da web da asociación: www.apetega.org.
- **Criterios de selección:** Valorarase a orixinalidade e a complexidade do deseño así como a relación co tema da convocatoria. Os traballos deben ser inéditos e non estar premiados noutros concursos.
- **Normas finais:** O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases; motivo polo cal non poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación. O incumprimento das mesmas determinará a exclusión automática do concurso. Os concursantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. Calquera situación non prevista nestas bases será resolta polo xurado na forma que considere conveniente.

Santiago de Compostela a 25 de outubro de 2006